

Concello de Ponteareas

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Visto que por Resolución de Alcaldía número 2020-1437 de data 21 de maio de 2020, aprobouse a convocatoria para a concesión de subvencións municipais para investimentos destinados a colectivos de interés veciñal (asociacións veciñais, asociacións culturais, comunidades de montes), para a realización de investimentos tanto de obra como de equipamentos durante o ano 2020. Importe máximo da subvención 10.000€, 80% do investimento realizado cun límite por entidade de 3.000€ para a realización das obras e de 1.500€ para a dotación de equipamentos en réxime de concorrencia competitiva.

-Vista a Resolución número 2020-2376 a través da cal se aproba a listaxe de actuacións subvencionables e a listaxe de reserva.

-Visto que nas Bases Reguladoras no Artigo 9.2. Xustificación de Pagamento. establécese que As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata o 30 de novembro de 2020.

-Visto que como consecuencia da situación de crise sanitaria que estamos a sufrir se atrasou este procedemento e como consecuencia as entidades beneficiarias teñen problemas para poder xustificar no prazo establecido tal como nos manifestan.

-De conformidade co artigo 32 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

RESOLVO

PRIMEIRO: Ampliar o prazo ata o día 15 de decembro de 2020 para que as entidades beneficiarias poidan executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución a os interesados mediante publicación na sede electrónica do Concello de Ponteareas, <http://ponteareas.sedelectronica.gal> e na páxina Web: www.ponteareas.gal.

TERCEIRO. Trasladar este acordó os departamentos de Intervención e Tesourería.

RECURSOS.- A presente Resolución non é susceptible de recurso, tal como se establece no artigo 32 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Concello de Ponteareas





Concello de Ponteareas

D^a. Cristina Fernández Davila ,Alcadesa por delegación de funcións
(Documento asinado electronicamente)



Cod. Validación: A9NDKYUJFGNC3HPPWGGKTRLTJD | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647